

CASTRO DE BAROÑA

GUÍA DE ESCALADA DEPORTIVA

Xosé M. Otero

A escalada é un deporte perigoso onde se pode perder a vida.

A información que aquí se recolle non é suficiente para a túa seguridade, esta dependerá da túa formación, coñecementos e experiencia; se non tes a formación necesaria cómpre que acudas a un profesor cualificado. O que elaborou este traballo exímese da responsabilidade das accións que se desprenden do uso desta información e, en concreto, de calquera acción de escalada. Ao tempo decláranse nulos os datos sobre aperturistas para o uso en calquera proceso administrativo ou xudicial de faltas ou penal.

INTRODUCCIÓN

Escalar no Atlántico:

Poderíamos dicir que foi onte cando se desenvolveu en Galiza a escalada libre tal e como a coñecemos hoxe. Antes dos 80 as zonas de escalada limítanse a Budiño, Galiñeiro e O Petón do Xalo; forón as primeiras escolas de escalada galegas, as tres separadas da liña de mar e, principalmente no caso do Xalo, mostra do inxeño por aproveitar a pouca rocha existente no noso territorio. Durante moitos anos os escaladores/as galegos ollamos para os acantilados, con algunha incursión, sabendo que os materiais non valían para crear zonas deportivas na liña de costa debido ao alto grao de degradación que a mar exerce sobre os seguros.

Pero a evolución no material de montaña foi importante, principalmente nos anos 90, e o aumento da seguridade conlevou certa popularización da escalada deportiva, deste xeito os novos escaladores tamén queren deixar a súa pegada, posibilitando a exploración de novas zonas e multiplicándose as vías de escalada, principalmente nas zonas cercanas ao mar, onde xa se podían instalar materiais máis seguros e duradeiros.

En 1997 Miguel Seoane e Javier Carreras tiraban a primeira, e de momento única, guía de escalada galega con carácter globalizador, é dicir que abarcaba a totalidade de zonas de escalada do noso territorio. Co título *Galicia Vertical* esta excelente guía recolle case na súa totalidade escolas de escalada e, aínda que siga de actualidade, co tempo forón abríndose novas vías e creándose novas zonas; seguro que a maioría dos escaladores e escaladoras galegos agradeceríamos unha reedición actualizada. Hoxe en día a densidade de escolas de escalada en Galicia concéntrase na costa, principalmente arredor das cidades, e o Atlántico baña un número importante destas escolas.

A escalada no Barbanza, e en concreto no Concello de Porto do Son, é unha práctica relativamente nova, cando menos se temos en conta os novos métodos de escalada libre e os materiais modernos que supoñen un grao de seguridade importante se se utilizan correctamente.

A escola do Castro de Baroña sitúase ao carón do propio castro, un dos mellor conservados de Galiza, na chamada cala Safocho. O descubrimento desta zona é casual, como foi en moitos casos, e comeza coa apertura dalgunhas fendas por escaladores que visitaban a zona para gozar das súas praias, aproveitando o día coa súa actividade preferida nun espazo paisaxístico e natural privilexiado.

Algo de historia:

O DESCUBRIMIENTO

Entre os anos 1978 e 1983 algúns afeccionados ó alpinismo e á escalada, principalmente de Santiago de Compostela, comezaron a utilizar os penedos que rodean o castro para practicar este deporte. Eran anos onde a penas existían tres zonas para escalar en Galicia e todas elas lonxe de Santiago. Aínda que a escalada estaba evolucionando moito non deixaba de ser un deporte moi minoritario, no que ademais os materiais tiñan que mellorar significativamente.

Estes afeccioandos, pertencentes ó desaparecido Clube Alpino Universitario, foron nalgúns casos pioneiros deste deporte en Galicia. Falamos de Pepe Jiménez, Angel Cabeza, Alejandro Carreño, Antonio Fuentetaja... entre outros. A comezos dos anos oitenta descubriron os penedos da cala Safocho (ó pé do castro), escalando algunhas das súas mellores fendas e, a primeiros dos 90, equiparon estas e abriron novas vías con spits, deixando a súa pegada para a posteridade.

No verán de 1998 escaladores pertencentes ó Clube Deportivo Fontiñas, guiados polos incombustibles Pepe Jiménez e Alejandro Carreño, reequiparon con materiais modernos esas vías (os spits estaban xa completamente corroídos pola acción do mar) e abriron algunhas novas. En total deixaron nove vías, algunhas delas das mellores de Baroña.

A EVOLUCIÓN CARA A ACTUALIDADE

Nos veráns de 2000-2001, e principalmente no de 2002, cobra forza a idea de crear unha auténtica escola de escalada no castro de Baroña cunha perspectiva que supón explorar todas as posibilidades que ofrece a rocha para a escalada deportiva. Así, escaladores do Clube Deportivo Fontiñas, impulsados pola súa afección, conseguen limpar e equipar máis de 35 vías entre o verán do 2001 e o do 2002.

A este labor de aperturista hai que sumar o de explorador, posto que tamén se buscan outras zonas próximas que permitan estender á área escola. Deste xeito conséguese non só ampliar o número de vías senón incorporar outros sectores con rutas de escalada máis atléticas e explosivas.

Nos anos seguintes continua este labor aperturista, segundo as necesidades e o tempo libre permite, explorando a maioría de posibilidades de realización de novas vías de escalada.

Actualmente contamos con 59 vías e unha afluencia notable de escaladores/as durante a primavera e o verán, principalmente ao sector principal, ao que quizais teña influído a difusión que se lle ten dado á escola nalgúns publicacións. Por esta razón cremos que é interesante mostrar as características desta zona de escalada, desde o coñecemento e a información elaborada, á comunidade escaladora. Esperemos que a afluencia non sexa tanta como o modesto número de vías de Baroña, e que o lugar se manteña como unha parte do atlántico salvaxe, natural e misterioso que aínda é.

DESCRIPCIÓN XERAL

O Lugar:

A escola de escalada de Baroña atópase no concello de Porto do son (SO da provincia da Coruña), na península do Barbanza, a uns 50 km. de Santiago de Compostela (50 minutos en coche) e 21 km. de Ribeira, bañada polas augas do Atlántico e situada na entrada da ría de Muros-Noia. Moi cerca da escola atopamos o Castro de Baroña, depósito arqueolóxico da cultura caltrexa, onde poderemos ver un dos castros mellor conservados e situado nunha paraxe de excepcional beleza.

O clima de Baroña, ao estar na liña de costa, non é de grandes contrastes, mesmo podemos falar de pouca pluviosidade en comparación con outras zonas próximas. Poderemos escalar todo o ano, fuxindo das peores horas dos días máis calurosos do verán.

A rocha é granito hercínico, da serie dos granitos de dúas micas de grao medio e groso, típico desta zona da costa galega, tamén chamado granito de Barbanza. Atoparemos diferentes calidades dependendo do sector, en xeral é bastante abrasivo (de grao groso), nalgún sitio un lique branco molestaranos un pouco, principalmente en dúas vías de placa da parte esquerda da zona da Segis (*Lavativus* e *Escorregadoiro*).

Estamos nunha paraxe natural e paisaxística de excepción. As postas de sol, ao rematar un día de escaladas, son a sétima maravilla do mundo e non debes perdela; por esta razón compre que extrememos os coidados na nosa acción sobre o medio. Como sabedes a acampada libre está prohibida en toda Galiza, nas proximidades do castro non teredes problemas para vivaquear, iso si, deixaremos todo igual ou mellor que cando chegamos.

A información dos croquis:

Os croquis estan realizados sobre fotografía para que poidades identificar mellor a ruta e van acompañados dunha táboa informativa, nela incluimos os datos principais que nos interesa coñecer para realizar unha vía:

- **Nº:** Un número identificativo para localizar a vía no croquis.
- **Nome:** o nome que lle puxeron os aperturistas.
- **Dific:** A graduación da dificultade da ruta segundo a escala francesa.
- **Val:** Unha valoración da calidade do itinerario. Trátase dun valor subxectivo reflectido nunha escala de un a catro, segundo o número de estrelas que posua a vía:

* mala

** regular

*** boa

**** moi boa

- **Mts:** Metros de altura que ten cada vía
- **Expr:** Número de seguros (cintas express) que necesitaremos para realizala.
- **Comentario:** características principais da escalada de cada vía.
- **Ab. e 1ª:** Escalador/a e ano de apertura da vía e esclador/a e ano da realización do seu primeiro encadenamento. Nalgúns casos coinciden os anos, o aperturista e o primeiro encadenador, noutros casos non coinciden. Tamén podemos ver vías que aínda non tiveron primeiro encadenamento. *Estes datos foron compilados memoristicamente por varias persoas polo que pedimos desculpas polos erros que poida haber.*

Graduación:

Quizais o eterno problema; aínda que todos e todas escalamos por pracer a todos nos gusta saber que grao estamos escalando. Como sabedes a valoración da dificultade é subxectiva e depende moito da persoa e da comparación con outras zonas e vías próximas, seguro que para algúns o grao dalgunhas vías podería ser modificado pero ao final hai que mollarse e pór un grao, porque o realmente importante é ter unha orientación para poder escoller as vías que están ao noso alcance. Talvez o grao de dificultade só é iso: unha aproximación ao esforzo que nos pode levar realizar unha vía. ¿Hai algo máis subxectivo?

A escola de Baroña ten unha graduación homoxénea, aínda que algunhas vías nos poidan parer de cotación severa debido ao tipo de escalada, principalmente cando as realizamos a vista.

Equipamento e vías:

A escola esta totalmente equipada con seguros modernos de alta calidade, maioritariamente selamentos químicos inoxidables. As vías abertas antes do ano 2000 foron realizadas ou reequipadas con parabolts, son en total nove vías, algúns destes parabolts posteriormente foron cambiados por químicos, debido a unha mala colocación ou a un estado de degradación importante, e outros mantéñense na actualidade. Deste xeito pode haber algunha vía que teña parabolts e químicos, estando todos en perfecto estado.

A escola conta con 59 vías, cunha altura media de 12 mts (máxima de 18 mts) que suman 674 metros de escalada con predominio do grao medio-baixo, principalmente entre o V e o 7a:

GRAO	VÍAS
IV.....	4 vías
V.....	15 vías
6a.....	14 vías
6b.....	11 vías
6c.....	3 vías
7a.....	7 vías
7b.....	3 vías
7c.....	2 vías

Facendo uso da imaxinación talvez se poida abrir algunha nova vía pero a maior parte das posibilidades de escalada deportiva están exploradas. Porén, o entorno de Baroña está cheo de bloques que estaria ben descubrir para esta modalidade de escalada.

O equipamento foi finaciado polo Concello de Porto do Son. Se queredes equipar algunha vía en Baroña o material é gratuíto, só tedes que chamar ao Clube Deportivo Fontiñas (981 577 928) e exporlle os seguintes datos:

1. Proxecto de vía ou vías que queredes facer.
2. Coñecementos sobre equipamento que acrediten que sabedes utilizar adecuadamente o material.

Respecto ao medio ambiente

Este apartado non debería de existir, principalmente tendo en conta que os escaladores soen ser un colectivo tradicionalmente respectuoso e protector da natureza. Porén, debido a uns poucos, cremos necesario manter uns recordatorios de rigor:

- Léivate o lixo (e se pode ser tamén o dos desalmados que o deixaron abandonado). As colillas tamén son lixo.

- Non tires nada ao mar, os arroaces nadando moi perto lembrarache que está cheo de vida.
- Non fagas lume, ademais de estar prohibido tamén queima as árbores.
- Respecta as propiedades privadas, perto da escola hai terras traballadas así que utiliza os camiños.
- Nalgunhas rochas da costa podes atopar percebes, ademais de estar prohibido collelos hai familias que viven da súa captura polo que déixaos onde están. E o mesmo para caranguexos, polbos e demais familia de habitantes costeiros.
- Estaciona no aparcadoiro do bar, e que non se che pase nin pola cabeza facer ostentación do todoterreo último modelo que mercache.
- Respecta a tranquilidade do lugar.
- Para as túas necesidades hai un baño no bar O Castro, a 10 minutos. Lembra que estamos ao pé do mar, ademais os papeis tamén son lixo.
- Non arrinques árbores nin plantas, aínda que che molesten, eles están no seu sitio e ti vas de paso.

Outras consideracións:

O Mar: Pode resultar perigoso, dependendo da marea e da época do ano, principalmente no *Sector Principal* (Corner Esquerdo) e no *Mitolóxico*. Non o infravaloredes, sobre todo se hai gran movemento de ondas, e prestádelle moita atención cando sube a marea e hai vento ou pode haber mar de fondo. En contadas ocasións as ondas poden chegar a mollar todo o *Sector Principal*.

Auga: Hai unha fonte cerca do aparcadoiro, no camiño que baixa desde a estrada cara o castro.

Durmir: Perto de Porto do Son hai camping (ao lado da praia de Cabeiro), pensións e hoteis de todo tipo. Como sabedes a acampada libre está prohibida en toda Galiza, sen embargo no piñeiral que esta a esquerda do camiño non teredes problemas para vivaquear, iso si, deixaremos todo igual ou mellor que cando chegamos.

Compras: O Bar o Castro tamén é restaurante. Podedes comprar de todo en Porto do Son, a 10 minutos en coche.

Gasolinera: En Porto do Son

Croquis: no bar O Castro e en <http://conunpardegatos.blogstop.com>

Agradecementos:

Foron moitos os días de dedicación para ter esta pequena escola de escalada no Barbanza, tamén son moitas as persoas das que agora me quixera lembrar, espero non esquecerme de ningunha, se así fora nada máis lonxe da miña intención. Hai algúns agradecementos que penso que son necesarios:


- Ao Clube Deportivo Fontiñas polo seu apoio humano e material, especialmente Felipe Molinero que foi fundamental no comezo desta aventura.
- Ao Concello de Porto do Son polo apoio financeiro, pero tamén por valorar un proxecto para desenvolver un deporte que lle presentaban uns descoñecidos.
- A todas as persoas que abriron vías en Baroña, porque eles saben o traballo que costa e a motivación que hai que ter: Pepe Jiménez, Angel Cabeza, Alejandro Carreño, Antonio Fuentetaja, Ramón Dapena, Javier, Felix Juncal, José Carlos Romay ...
- Hai ademais outras persoas que me axudaron a equipar vías, sempre coa mellor vontade e ilusión: Manuel Barrada, Eva Alonso, Óscar Seoane, Julián Flores, Jorge Mella, José Pereira ...
- A todos os escaladores/as que, ademais dos anteriores, viñeron a probar vías e axudaron a fixar o grao: Aviñoá, Segis, Mar, Nuria, Manu, Carolina, Tino, Luís ...
- Finalmente agradecerlle a Tino Taín o seu apoio desinteresado prestándome o taladro durante “séculos”, e a Julián Flores a súa complicidade e o estupendo traballo realizado cos croquis que tedes diante.

Teléfonos e enderezos de interese:


- SOS GALIZA: **112**
- URXENCIAS MÉDICAS: **061**
- INCENDIOS FORESTAIS: **085**
- GUARDIA CIVIL: **062**
- INFORMACIÓN DO ESTADO DAS ESTRADAS: www.dgt.es
- INFORMACIÓN METEOROLÓXICA: www.meteogalicia.org
- CONCELLO DE PORTO DO SON: **981 867 412**, deporte@portodoson.dicoruna.es
- CLUBE DEPORTIVO FONTIÑAS: **981 577 928**, cdfonti@mundo-r.com
- FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO: **986 424 331**
- CROQUIS DE BAROÑA EN <http://conunpardegatos.blogstop.com>

PLANO DE SITUACIÓN

1.- PLANO XERAL:



2.- BOSQUEXO DE SITUACIÓN:



SECTORES E CROQUIS

Sectores:

Finalmente a escola quedou fixada en tres sectores moi próximos:

- ❑ Sector PRINCIPAL: 39 vías
 1. BLOQUES (Zona por explorar)
 2. CORNER ESQUERDO
 3. ONDAS
 4. A PROA
 5. DIEDRO ARMERIA
 6. SEGIS
 7. METEMEDOTEITO
 8. AS IRONDELAS
- ❑ Sector COVA CÉLTIGA: 10 vías
- ❑ Sector MITOLÓXICO: 10 vías

Croquis:

SECTOR PRINCIPAL

Aproximación: baixamos polo camiño que vai ao castro e cando comezamos a velo (ao saír do piñeiral) desvíámonos cara a dereita, seguimos esa corredoiira para saír a unha praia de coídos na que vemos as paredes á nosa dereita (10 minutos)

Orientación: Oeste, pero algunhas vías estan ao NO e outras, ao SO.

Mejor época: todo o ano, excepto as tardes máis calurosas do verán. Algúns días de vento son algo molestos, outras veces esa brisa permite escalar comodamente ao sol.

Vías: 39 vías que suman 453 mts de escalada, predominando as vías entre V e 6c.


Observacións: atención ao mar, principalmente en outono-inverno e no *Corner Esquerdo*.

Panorámica do sector:



1.- Bloques (zona por explorar)	5.- Diedro armeria
2.- Corner esquerdo	6.- Segis
3.- Ondas	7.- Metemedoteito
4.- A Proa	8.- As irondelas

2.- Corner Esquerdo:

**PRINCIPAL: CORNER ESQUERDO**


Nº	Nome	Dific.	Val.	Mts.	Expr.	Comentario
1	MAREAS VIVAS	6b+	*	12	4	Desplomiño de boa presa e bloque de saída difícil. Sen reunión,
Ab. e 1ª: Ramón Dapena, Felix Juncal e Jabier (1999)						
2	CORNER ESQUERDO	6a	***	10	3	Bloques verticais de boa presa
Ab. e 1ª: Ramón Dapena, Felix Juncal e Jabier (1999)						
3	ANARKISMO	6a	**	8	2	Fenda con paso de saída
Ab. e 1ª: Xosé M. Otero (2005)						
4	ESCORPIÓN	6b/6b+	***	8	2	Fenda cega con paso técnico
Ab. e 1ª: Xosé M. Otero (2005)						
5	CERVEXA FRIA	7a/7a+?	**	8	3	Placa moi difícil
Ab: Xosé M. Otero (2005); 1ª:						
6	NUNCA MÁIS	V+	**	7	2	Placa
Ab. e 1ª: Xosé M. Otero (2005)						

A photograph of a rock face with three yellow lines tracing paths from a common point at the top to three numbered points (1, 2, 3) at the bottom. The rock face shows horizontal layering and some reddish staining.

PRINCIPAL: ONDAS						
Nº	Nome	Dific.	Val.	Mts.	Expr.	Comentario
1	VAI POR TI	6a	***	7	2	Bloque
Ab: Eva Alonso e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
2	ONDAS	6a+	***	7	2	Bloque, ser alto axuda.
Ab: Eva Alonso e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
3	GOLFIÑO	V+	**	7	2	Bloque
Ab: Eva Alonso e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						

PRINCIPAL: A PROA						
Nº	Nome	Dific.	Val.	Mts.	Expr.	Comentario
1	A PROA	6b	***	7	2	Bloque de entrada e desplome con cazo
Ab: Óscar Seoane, Julián Flores e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
2	POR BABOR	6b+	***	7	2	Desplome de presa e difícil chapaxe de reunión
Ab: Óscar Seoane, Julián Flores e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
3	VERBAS DE CHUMBO	V+	***	16	3	Entrada en desplome e bloques fáciles
Ab: Óscar Seoane e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						


5.- Diedro Armeria:



Orientación O e S

PRINCIPAL: DIEDRO ARMERIA						
Nº	Nome	Dific.	Val.	Mts.	Expr.	Comentario
1	ANTONIMIA SOCIAL	6b+	***	16	5	Entrada difícil e bloque con paso. Entra pola dereita e sae á esquerda
Ab: Ramón Dapena, Julián Flores e Xosé M. Otero; 1ª: Julián Flores (2002)						
2	BLUES ATLÁNTICO	6a+	***	16	5	Bloque de entrada e paso. Entra pola esquerda e sae á dereita
Ab: Ramón Dapena, Julián Flores e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
3	SOL DE MEDIANOITE	V	***	15	5	Bloques e diedro xeneroso en presas
Ab. e 1ª: Ramón Dapena, Oliver Regueiro e Jabier (1999)						
4	ARROÁS	6b/6b+	**	15	3	Entrada difícil de regretas e a correr
Ab: Manuel Barrada e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
5	ANTEFAZ	7a+?	****	15	5	Regretas técnicas e saída con dinámico a romo
Ab: Ramón Dapena, Jabier e Xosé M. Otero (1999); 1ª:						
6	DIEDRO ARMERIA	6a+	****	15	4	Diedro disfrutón e paso de saída
Ab. e 1ª: Alejandro Carreño e Pepe Jiménez (1990)						
7	FENDA	V+	****	15	5	Fenda técnica
Ab. e 1ª: Alejandro Carreño e Pepe Jiménez (1990)						
8	LUNS VERMELLO	IV+	***	13	4	Placa de regreñinas
Ab. e 1ª: Alejandro Carreño, Angel Cabeza e Pepe Jimenez (1985)						


6.- segis:



Orientación O e S

PRINCIPAL: SEGIS						
Nº	Nome	Dific.	Val.	Mts.	Expr.	Comentario
1	¿?	V+	***	14	5	Placa fácil e fenda con teitiño
Ab. e 1ª: (2004/05): ¿? Sen datos						
2	LAVATIVUS	6b+?	*	14	6	Regretas e adherencia. Liquen patinoso
Ab: Ramón Dapena e Xosé M. Otero (2002); 1ª:						
3	ESCORREGADOIRO	V+	*	14	3	Adherencia en arista. Liquen patinoso
Ab: Ramón Dapena e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
4	FENDIÑA	V+	**	14	3	Fenda e chegada difícil á reunión
Ab: Óscar Seoane e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
5	ÁFRICA NEGRA	6c+	**	14	4	Desplome con saída en equilibrio difícil
Ab: Felix Juncal e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
6	SENÉTICA	7b+	**	14	5	Téito picado con saída técnica.
Ab: Xosé M. Otero (2002); 1ª: José Carlos Romay (2002)						
7	FONTIÑAS	7a/7a+	***	14	5	Teito e regretas
Ab: Ramón Dapena, Felix Juncal e Xosé M. Otero (2002); 1ª: Xosé M. Otero (2003)						
8	SEGIS	6c	****	12	6	Entrada técnica e continuidade
Ab: Óscar Seoane e Xosé M. Otero (2002); 1ª: Xosé M. Otero (2003)						
9	NEGRA MANCHA	6b	****	12	5	Continuidade en fendas e romos
Ab e 1ª: Ramón Dapena e Jabier (1999)						
10	NON CHEGAN OS BICEPS	6a	****	12	6	Placa técnica e teito de boa presa
Ab. e 1ª: Alejandro Carreño e Ángel Cabeza (1985)						


7.- Metemedoteito:



Orientación O

PRINCIPAL: METEMEDOTEITO						
Nº	Nome	Dific.	Val.	Mts.	Expr.	Comentario
1	CHARAMUSQUÍN	6a	**	10	3	Bloques fáciles con saída técnica
Ab: Eva Alonso e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
2	QUEN PUIDERA NAMORALA	6b	***	12	3	Teito con saída difícil
Ab: Ramón Dapena e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
3	METEMEDOTEITO	6a+	****	12	3	Desplome técnico e paso de saída
Ab: Felix Juncal, Ramón Dapena e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
4	FELIPE MOLINERO	6a+	***	12	4	Continuidade concentrada e saída en arista de boa presa
Ab: Felix Juncal e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						

8 As irondelas:



Orientación O

PRINCIPAL: AS IRONDELAS						
Nº	Nome	Dific.	Val.	Mts.	Expr.	Comentario
1	NACIÓN SIN	IV	**	10	4	Repisas
Ab: Eva Alonso e Xosé M. Otero; 1ª: Óscar Seoane (2002)						
2	NACIÓN SON	V	***	10	3	Bloque vertical de boa presa
Ab: Eva Alonso e Xosé M. Otero; 1ª: Óscar Seoane (2002)						
3	ROCK AND ROLL	V	**	10	3	Panza de boa presa e adherencia
Ab: Manuel Barrada e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
4	M-CAGO NA CAROLINA	V+	**	10	3	Saida en regretas e romos
Ab: Ramón Dapena e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
5	IRONDELAS	6b+	***	9	4	Oposición e adherencia
Ab. e 1ª: Xosé M. Otero (2002)						

SECTOR COVA CÉLTIGA

Aproximación: baixamos polo camiño que vai ao castro e cando comezamos a velo (ao saír do piñeiral) desviámonos cara a dereita, polo mesma corredoiira do sector principal, en 20 ou 30 mts sae outro camiño cara a esquerda, seguímolo ata a súa parte máis alta na que un caminiño cruza os toxos á dereita, desde aquí vemos o sector principal. Estamos enriba das paredes, buscamos á baixada bordeando pola esquerda ata a súa base e facendo un pequeno e fácil destrepe (en total 15 minutos).

Orientación: Norte.

Mejor época: Primavera e verán.

Vías: 10 vías que suman 110 mts de escalada, predominando as vías entre 7a e 7c

Observacións: ao comezo da primavera algunha vía pode estar algo húmida.

Bajada

COVA CÉLTIGA						
Nº	Nome	Dific.	Val.	Mts.	Expr.	Comentario
1	CHOIVA ÁCIDA	6c+	**	14	5	Panza lisa de entrada e bloques
Ab: Manuel Barrada e Xosé M. Otero (2002); 1ª: Xosé M. Otero (2004)						
2	MORCEGO	7a+	**	15	6	Diedro desplomado, fenda e bloques. Húmida en inverno
Ab: Manuel Barrada, Julián Flores e Xosé M. Otero (2002); 1ª: Xosé M. Otero (2004)						
3	TELLAS VERDES	7c?	***	9	3	Continuidade desplomada con paso
Ab: Xosé M. Otero (2003); 1ª:						
4	COVA CÉLTIGA	7c+?	****	10	4	Continuidade concentrada en desplome
Ab: José Carlos Romay (2002); 1ª:						
5	ALPINISMO DEPORTIVO	V+	**	11	3	Fácil con paso de decisión
Ab: Julián Flores e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2002)						
6	FENDA LACHENAL	7a?	***	9	3	Travesía ascendente en fenda
Ab: Julián Flores e Xosé M. Otero (2002); 1ª:						
7	FENDA TERRAY	7b?	***	9	3	Travesía ascendente en fenda cega
Ab: Julián Flores e Xosé M. Otero (2002); 1ª:						
8	XXI SÉCULOS DE OPRESIÓN	7b/7b+?	***	8	3	Entrada difícil e fenda desplomada
Ab: Jorge Mella e Xosé M. Otero (2003); 1ª						
9	100 TEITOS DE SOIDADE	7a/7a+?	***	8	3	Entrada difícil e fenda desplomada de boa presa
Ab: Jose Pereira e Xosé M. Otero (2003); 1ª:						
10	SOL DE BAROÑA	V+	**	9	3	Bloque e saída en placa
Ab: Jorge Mella e Xosé M. Otero; 1ª: Jorge Mella (2003)						

SECTOR MITOLÓXICO

Aproximación: baixamos pola mesma corredoira que vai ao sector principal, ao deixar o camiño do castro, 20 ou 30 mts despois, sae outro á esquerda, seguímolo ata a súa parte máis alta (como para o sector Cova Celtiga) e continuamos polo mesmo camiño que máis adiante descende por un sendeiro cara o mar, á dereita xa podemos ver as paredes, en total 10 minutos.

Orientación: Oeste e Sur.

Mejor época: todo o ano, excepto as tardes máis calurosas do verán. O vento molesta algunhas veces pero outras permite escalar comodamente ao sol.

Vías: 10 vías que suman 120 mts de escalada, predominando o grao entre IV e 6b

Observacións: atención ao mar, algunhas vías deste sector están literalmente enriba do mar, coa marea alta ou movemento de ondas non se deben facer.



Orientación SO

MITOLÓXICO						
Nº	Nome	Dific.	Val.	Mts.	Expr.	Comentario
1	ÁREA RECRETIVA	6a+	***	7	3	Fenda con saída á esquerda en regretas e romos
Ab: Jorge Mella e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2004)						
2	ÁREA RESERVADA	7a?	**	6	2	Bloque vertical con saída difícil
Ab: Jorge Mella e Xosé M. Otero (2004); 1ª:						
3	CELTARRAS SEN FILTRORRO	V+	**	7	2	Teitiño de boa presa
Ab: Jorge Mella e Xosé M. Otero; 1ª: Xosé M. Otero (2004)						
4	MITOLÓXICO	V+	***	9	3	Arista de boa presa
Ab: Jorge Mella e Xosé M. Otero; 1ª: Jorge Mella (2004)						
5	DENDE EMBAIXO	6a	***	10	2	Chapase desde unha repisa lateral pero a escalada é desde abaixo.
Ab: Julián Flores e Xosé M. Otero (2004); 1ª: Xosé M. Otero (2005)						
6	SLSLFO	6a+	***	10	3	Bloque desplomado con presa
Ab: Julián Flores e Xosé M. Otero (2004); 1ª: Xosé M. Otero (2005)						
7	CORNER VIQUINGO	6b	***	18	6	Bloque desplomado con arista. Saída á esquerda polo Espolón do vento
Ab: Julián Flores e Xosé M. Otero (2004); 1ª: Xosé M. Otero (2005)						
8	ESPOLÓN DO VENTO	IV	***	18	6	Placa de agarres xenerosos
Ab. e 1ª: Xosé M Otero (2004)						
9	PERSEBEIROS	IV+	***	18	6	Placa fácil con paso de saída
Ab. e 1ª: Xosé M Otero (2004)						
10	MINOTOURO	6a	**	16	6	Arista que se aproveita pola esquerda
Ab. e 1ª: Xosé M Otero (2005)						